

# Tema ABAU - Tema 4

## ► Situación actual da industria en España.

- Os problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía).
- Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.



# Prácticos ABAU - Tema 4

- Comentario dunha paisaxe industrial.
- Mapa das principais áreas industriais de España.



# Conceptos ABAU - Tema 4

**Energías renovables** (pág 205)

**Fondos Estructurais** (pág. 225)

**Subcontratación** (pág 226)

**Industrias verdes** (pág 242)

**Materias primas estratégicas** (pág 200)


**Parque tecnológico** (pág 235)



# Enerxías renovables

Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais, sen desaparecer ao xerar dita enerxía, como a auga ou a calor do sol.

Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.



Agás a hidroeléctrica, que é unha enerxía tradicional, os outros son exemplos de enerxías alternativas, que teñen aínda un escaso uso, porque a súa tecnoloxía está en fase de investigación ou resulta cara. Están consideradas enerxías limpas porque, en xeral, non contaminan e non xeran residuos.



# Fondos Estruturais

Instrumento básico da *Política Rexional Comunitaria*. Son partidas do orzamento europeo encamiñadas a reforzar a cohesión económica e social reducindo os desequilibrios rexionais a través do desenvolvemento das rexións máis atrasadas e das afectadas polo declive industrial, o paro de longa duración e o paro xuvenil.

A Unión Europea conta con varios Fondos Estruturais:

- O **FEDER** (*Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional*) axuda ás rexións máis pobres concedendo préstamos para fomentar as infraestruturas e o desenvolvemento do seu potencial endógeno.
- O **FSE** (*Fondo Social Europeo*) destínase a diminuír o desemprego (facilitando a adaptación ás transformacións industriais e aos cambios dos sistemas de produción, especialmente mediante a formación e a reconversión profesional), e a aumentar as posibilidades de acceso á formación profesional dos grupos sociais máis desfavorecidos da UE.
- O **Fondo de Cohesión** axuda aos países menos prósperos da UE (con PIB per cápita inferior ao 90% da media comunitaria) financiando proxectos de medio ambiente, infraestruturas de transporte e enerxías renovables.
- O **FEAGA** (*Fondo Europeo Agrícola de Garantía*).



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

*el FSE invierte en tu futuro*

# Subcontratación

A subcontratación, outsourcing ou tercerización é un tipo de relación económica pola que o titular dun contrato principal cede a un terceiro ou a unha empresa externa (subcontratista) a prestación dunha actividade económica. Por exemplo, unha compañía dedicada ás demolicións pode subcontratar a unha empresa dedicada á evacuación de residuos para a tarefa de desfacerse dos escombros das unidades demolidas.



Una vez asignada la obra, empieza el baile de concesiones a la empresa del cuñado, a la del amigo o a la del que te hace el precio más bajo...

¡YO SUBCONTRATO!

¡TÚ SUBCONTRATAS!

¡EL SUBCONTRATA!



# Industrias verdes

É unha nova rama industrial que ten como fin desenvolver tecnoloxías limpas para a industria. O valor central non é o crecemento económico senón o desenvolvemento sostible, a través do respecto ao medio ambiente e o uso preferente de enerxías alternativas ou renovables.

O *Plan Industrial e Tecnolóxico Ambiental* da Unión Europea concede fondos destinados a proxectos de formación e desenvolvemento encamiñados a eliminar a contaminación industrial e o deterioro da paisaxe.



## GESTIÓN AMBIENTAL



**Por un desarrollo tecnológico desde el respeto a la naturaleza**

**PROGRAMA INGENIERÍA AMBIENTAL POR CICLOS**

**TECNOLOGÍA EN  
GESTIÓN  
AMBIENTAL  
INDUSTRIAL**

Snies 53425

Título Obtenido: Tecnólogo en Gestión Ambiental Industrial  
Duración: 6 Semestres  
Jornada: Diurna y Nocturna  
Metodología: Presencial

A background image of an industrial facility with various buildings and structures.

# Materias primas estratégicas

Son aquellas materias primas que pola súa importancia son vitais para a existencia económica ou política dos Estados e inflúen poderosamente nas decisións políticas; xeralmente están relacionadas co sector enerxético: petróleo, gas natural, uranio, carbón... Na actualidade, son consideradas tamén estratéxicas as materias primas asociadas ás industriais das novas tecnoloxías: coltan, diamantes, manganeso, cobalto, aluminio, cobre, xermanio, grafito, cromo, níquel, platino, titanio,...



Parece mentira...

...que aquello por lo que todos suspiran y pagan millonadas esté hecho de exactamente lo mismo que la punta del lápiz que se nos rompe al escribir en clase.





# Parque tecnolóxico

É un espazo de dimensións similar aos polígonos industriais, pero nel concéntranse as industrias de alta tecnoloxía. Sitúanse preto de cidades con universidades e centros de investigación, en contornos de alta calidade ambiental, boa accesibilidade, con infraestruturas modernas, comunicacións co aeroporto e coas redes informáticas, posúen servizos complementarios (administrativos, telecomunicacións, salas de reunión, cafeterías...).

O obxectivo destes parques é lograr que as súas industrias innovadoras actúen como dinamizadoras do desenvolvemento local, xerar emprego de alta cualificación, atraer outras empresas e difundir as innovacións ao contorno.

